

**Expediente núm.:** 1083/2024

## **BASES PARA A CONCESIÓN E USO DE BARRAS PARA A SEMANA GRANDE DE SOUTOMAIOR 2024.**

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

As presentes Bases teñen por obxecto a adxudicación de barras para a festa da **Semana grande de Soutomaioir** (celebración do Patrón, San Salvador) que se realizará desde o venres 2 de agosto ata o martes 6 de agosto.

As barras defínense nestas Bases como '*infraestruturas para a venda con servizo de bar e comidas*' e teñen como obxectivo fundamental contribuír ao realce e esplendor da Semana grande de Soutomaioir e corresponde ao Concello, a través da área de Festas, como responsable de planificación, xestión e ordenación do evento velar polo cumprimento da normativa vixente. As barras instalaranse en terreos municipais ou en espazos que contén coa autorización das persoas ou entidades propietarias, por tanto, terán carácter público.

Terán preferencia aqueles/as solicitantes que residan no concello de Soutomaioir, sempre que entreguen a solicitude en tempo e prazo requiridos e cumpran as condicións xerais establecidas nas Bases.

### **Terán prioridade na valoración , de acordo co establecido na Base 7.2 :**

En primeiro lugar, aquelas solicitudes realizadas por persoas xurídicas, os/as profesionais da restauración, dos bares e dos pubs

En segundo lugar, as entidades sen ánimo de lucro, que presenten solicitude e vaian destinar a recadación a fins socioculturais ou deportivos a desenvolver no concello.

En terceiro lugar, e só no caso de que quedase vacante a barra, as solicitudes a título individual de persoas físicas.

### **SEGUNDA.- Réxime Xurídico**

A autorización administrativa para a ocupación do espazo público regularase polo previsto nas presentes Bases, na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e de forma supletoria para o non disposto por estas normas, pola lexislación en materia de licenzas do sector público. Igualmente para os efectos de levar a cabo a licitación pública serán de aplicación as previsións da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que se indiquen nas presentes Bases.

Igualmente terán carácter contractual e vincularán ao adxudicatario as determinacións contidas na proposta presentada.

As licenzas concederanse a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros respectando as competencias doutras Administracións así como sen



prexuízo doutras autorizacións e licenzas que se requiran conforme á lexislación aplicable.

O descoñecemento das Bases en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que forman parte do mesmo non eximirá ao adxudicatario da obrigaón do seu cumprimento.

Na execución, o/a concesionario/a quedará obrigado con respecto ao persoal que empregue na realización do traballo ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de ordenación laboral e social, así como as que se poidan promulgar durante a execución do mesmo. En ningún caso o persoal empregado tanto na montaxe das instalacións como na explotación das barras considerárase como persoal do Concello de Soutomaíor.

Igualmente o/a adxudicatario/a e o resto de persoal empregado por este virá obrigado a cumprir con todas as disposicións establecidas nos plans de seguridade, proxectos técnicos esixidos pola normativa sectorial e demais instrucións que se dispoñan por parte do Concello de Soutomaíor ou da persoa ou empresa contratada por este para realizar as funcións de control e seguimento da festa e de que a execución das mesmas leva a cabo nas debidas condicións de seguridade para as persoas asistentes.

O incumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais, así como dos plans de seguridade e instrucións dadas en materia de seguridade por parte do/a adxudicatario/a ou das persoas polo empregadas na execución deste servizo de barra, serán de conta exclusiva do/a adxudicatario/a non podendo este repercutir responsabilidade algunha na Administración contratante.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste licenza serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmo haberá lugar a recurso Contencioso - Administrativo, conforme aos disposto pola Lei Reguladora da devandita Xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

### **TERCEIRO.- Condicións das barras ofertadas.**

As barras ofertaranse no marco da programación municipal de festexos para prestar servizo ao evento e, por tanto, ofreceranse do seguinte xeito:

#### **BARRA 1. Contorna da Igrexa de San Salvador**

- Venres 2 de agosto en horario de venta de 21.00 h a 01.30 h
- Sábado 3 de agosto en horario de venta de 12.30 h a 16.30 h
- Domingo 4 de agosto en horario de venta de 12.30 h a 16.30 h
- Martes 6 de agosto en horario de venta de 12.30 h a 16.30 h

#### **BARRA 2. Contorna do Campo da festa en Candán**

- Sábado 3 de agosto en horario de venta de 20.00 h a 01.30 h
- Luns 5 de agosto en horario de venta de 20.00 h a 01.30 h



- Martes 6 de agosto en horario de venta de 20.00 h a 01.30 h

A pesar de que a Semana grande de Soutomaioir celébrese en varios días por razóns loxísticas, de operatividade, económicas e de coherencia enténdese que procede a concesión dunha única autorización administrativa para todos os días de duración do citado evento.

O Concello de Soutomaioir proporcionará á barra - bar un punto de auga, servizo de recollida de lixo e toma de corrente e o programa de actividades que terán lugar durante a celebración da Semana Grande.

Correrá a cargo da/o adxudicatario/a todo o restante equipamento da mesma. En ningún caso o Concello proporcionará carpas, haimas, ou calquera outro elemento de cubrición, cadeiras, mesas, etcétera.

A instalación realizarase nos lugares indicados polo Concello e será desmontable en todos os seus elementos, de xeito que, unha vez rematado o prazo de concesión, non se deixe ningún resto no terro. A superficie máxima que se autoriza a ocupar de cada barra será de 2m<sup>2</sup> de ancho e 5m<sup>2</sup> de longo e a maiores, no caso de ser necesario, 100m<sup>2</sup> máis de espazo para equipamentos auxiliares de servizo (tipo mesas, bancadas...). A ocupación non condicionará nin interromperá o paso polas zonas de uso común.

#### **CUARTO.- Requisitos.**

Si se trata dunha empresa, presentar toda a documentación que acredite a súa alta para a prestación deste servizo.

Si se trata dunha asociación, estar rexistrada como tal e presentar toda a documentación necesaria que acredite que segundo os seus estatutos pode prestar estes servizos.

En todo caso, todas as persoas/entidades que presenten solicitude deberán:

- estar ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social,
- contar cos seguros de responsabilidade civil e de accidentes necesarios,
- presentar a declaración de que a explotación da barra farase directamente polas persoas peticionarias,
- declaración de que as persoas que vaian a traballar nas barras están contratadas ou son persoas voluntarias asociadas no caso das asociacións e de contan co carné de manipulación de alimentos si van a manipular comida,
- declaración de aceptación destas Bases e restantes normas vixentes que poida afectar ao desenvolvemento deste tipo de festas/eventos.
- presentar a documentación que se solicite por parte do Concello en tempo e forma.
- declaración de que todos os produtos elaborados contan coas acreditacións sanitarias correspondentes.

#### **SEXTO.-Solicitude de concesión.**

Todas as persoas físicas ou xurídicas interesadas na concesión de barra deberán



solicitalo por escrito mediante instancia xeral a través da Sede electrónica na web [www.soutomaor.gal](http://www.soutomaor.gal)

Xunto á instancia xeral presentarán:

- Ficha de solicitude (**Anexo 1**)

-Declaración de explotación e de cumprimento dos requisitos establecidos nestas Bases e na lexislación vixente (**Anexo 2**)

- CIF/NIF da persoa representante ou no seu defecto, da persoa representante. Soamente se admitirá unha solicitude por entidade ou por local de negocio.

- Calquera outro documento que sexa necesario para acreditar criterios da táboa de valoración.

O prazo de presentación de solicitudes abrirase a partir do día seguinte da publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e rematará o 24 de xullo de 2024 ás 14.00 h.

### **SÉTIMO.- Procedemento de adxudicación e valoración.**

Crearase unha comisión de valoración composta pola Secretaria - Interventora municipal, por persoal técnico da área de cultura e festas e por persoal administrativo designado para tal fin de acordo coas súas funcións.

#### **7.1. Criterios**

Todas as solicitudes recibidas que cumpran cos requisitos mínimos serán valoradas pola Comisión de valoración segundo os seguintes criterios:

<b>CONCEPTO</b>	<b>INDICADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
Proposta económica ofertada.	A achega económica alta que se abonará ao Concello pola adxudicación da barra.	Ata 70 puntos.
Melloras	Explicar como se vai a montar a barra, coidados na estética da barra, elementos da instalación, presentación dos produtos, elementos de confort para as persoas que se beneficien do servizo tales como: mesas, carpas, cadeiras; medidas de decoro, e ornato interior e exterior de cada barra, propios dunha festa (lucos, plantas, etcétera.);  E todos aqueles se consideren diferenciadores da oferta presentada.	Ata 10 puntos.
Prezos populares	Valorarse atendendo a prezos de mercado, ao tipo de produto, á calidade do ofertado, á idoneidade do produto no marco	Ata 4 puntos.



	da festa e á funcionalidade na presentación e venda.	
Sostibilidade e coidado do medio ambiente	Indicar as medidas que se van a implementar para reducir a pegada ambiental.	Ata 5 puntos.
Plan de seguridade	Indicar que medidas de seguridade se adoptarán tendo en conta o produto que se oferta para a venda.	Ata 5 puntos.
Experiencia na organización e prestación de servizos en eventos similares.	Indicar duración e tipo de evento.	Ata 1 punto.
Consideración de pratos que atendan á diversidade e necesidades especiais	Pratos veganos, vexetarianos, sen glute, etcétera.	Ata 2 puntos.
Produtos que se ofertarán	Bebida Comida	1 punto bebida. 1 punto comida.
Residencia ou domicilio social -fiscal no concello de Soutomaor	Acreditar a relación ou arraigo co municipio de Soutomaor e o seu impacto e repercusión.	Ata 1 punto.

A **puntuación total acadada será de 100 puntos**. A adxudicación da barra será para a oferta que acade unha maior puntuación.

## 7.2 Valoración.

- En primeiro lugar, pola preferencia establecida nestas Bases valoraranse as solicitudes realizadas por persoas xurídicas, os/as profesionais da restauración, dos bares e dos pubs.

No caso de presentarse varias ofertas para a prestación do devandito servizo, unha vez valorados os criterios establecidos, se existise igualdade de puntuación na adxudicación entre os/as candidatos/as realizarase un sorteo entre os/as que obteñan a mesma puntuación.

- En segundo lugar, no caso de non haber ofertas de empresas, valoraranse si as hai as ofertas presentadas por entidades sen ánimo de lucro que vaian destinar a recadación a fins socioculturais ou deportivos a desenvolver no concello.
- En terceiro lugar, e só no caso de que quedase vacante a barra, valoraranse solicitudes a título individual de persoas físicas.

Unha vez rematada a valoración aprobarase a adxudicación mediante Resolución de Alcaldía e comunicarase a todas as partes implicadas. A continuación abrirase un prazo de reclamación de 5 días hábiles e, no caso de non haber reclamación, o Concello porase en contacto coa empresa/entidade adxudicataria para continuar co procedemento.



No caso, de que haxa moitas solicitudes abrírase unha lista de reserva por orde de puntuación á que se acudirá en caso de renuncia da adxudicataria proposta.

### **OITAVO.- Comisión de seguimento.**

A Comisión de seguimento estará integrada polo Concelleiro/a delegado/a de Festas e polo persoal municipal designado a tal fin. A Comisión terá as competencias que se establezan nestas Bases e velará polo cumprimento íntegro, resolvendo as cuestións que poida xurdir sobre interpretación, desenvolvemento e efecto de aplicación das mesmas.

### **NOVENO.- Normas de execución.**

- Cumprimento estrito de horarios e indicación por parte do persoal designado polo Concello para velar polo cumprimento destas Bases.
- A cumprir estritamente as medidas preventivas que regulan as normas hixiénico sanitarias, observando medida de hixiene tanto no espazo como nas medidas de elaboración e presentación dos alimentos e bebidas a consumir, así como no decoro, e ornato interior e exterior de cada barra, propios dunha festa (lucos, plantas, etcétera.) debendo permanecer desde o primeiro día ata o último e perfecto estado.
- Non se poderá servir bebidas - refrescos en formato de botella de cristal. A bebida servirase preferentemente en vasos.
- Queda prohibida totalmente a venda de alcol a menores de 18 anos, anuncio que terá que estar reflectido nas lousas das barras.
- Os prezos correspondentes de tapas e bebidas deberán estar fixados e expostos de forma clara e visible.
- Queda prohibida a exposición de mercadorías que polas súas características constitúan unha molestia para as persoas que visiten a festa e para o resto de servizos prestado durante a Semana grande por parte doutras persoas.
- Queda prohibido o despacho ao público na Barra de produtos envasados en recipientes fabricados con material cortante ou contundente que entrañe risco para a seguridade das persoas, en especial os de metal ou vidro. As materias primas almacenaranse protexidas, separadas dos alimentos cociñados, illadas dos produtos de limpeza e non poderán depositarse directamente sobre o chan.
- O/o adxudicatario/para deberá contar con recipientes estancos (cubos de lixo), provistos de peche e bolsa impermeable que serán retirados polo menos diariamente.
- O/ A adxudicatario/a encargarse de manter limpo e aseado o seu posto e a contorna do mesmo, así como calquera material ou artigo que necesite para a elaboración do seu propio produto.
- O Concello non se fai responsable de perdas, danos ou roubos de materiais ou produtos durante o transcurso da semana grande.
- A concesión terá carácter persoal e non poderá ser cedida a terceiros/as, nin subarrendada por un prezo. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da concesión e á exclusión en concesións futuras.





- Deixar o lugar en idénticas condicións nas que o atoparon.

O horario será o fixado nestas Bases. Poderá estar suxeito a cambios motivados polo desenvolvemento da festa e por causas adversas alleas á organización. Neste caso, comunicaranse os cambios á concesionaria e daranse alternativas de xeito que non se prexudique os intereses da Festa nin da adxudicataria.

O incumprimento destas normas poderá deixar sen efecto a concesión durante a semana grande e tamén poderá penalizarse en futuras solicitudes para outras concesións.

### **DÉCIMO.- Recursos Administrativos e xurisdicionais.**

A presente convocatoria, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida potestativamente, nos prazos e termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou directamente mediante a interposición de recurso contencioso administrativo (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicións Contencioso Administrativa).

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

